



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 21 de marzo de 2016

HORA DE COMEZO: 18:35 h.

HORA DE REMATE: 19:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias e D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos.

AUSENTES: D. Heitor Mera Herbello e D. Tomás Hermelo Álvarez.

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 7 DE MARZO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 7 de marzo de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS E DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

#### **2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de



## Concello de Cangas

conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J. C. F.	Miranda, nº 4-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 2.A.2) ORDE DA ALCALDÍA S/SINALIZACIÓN NAS INMEDIACIÓNS DA CASA DA CULTURA

Dase conta da orde emitido o día 11.03.2106 pola Alcaldía, referente a sinalización nas inmediacións da Casa da Cultura, que indica o seguinte:

*"D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas, ordena á Brigada de sinalización á colocación de un sinal vertical de prohibido estacionar (reservado veterinarios), nas inmediacións da Casa da Cultura, así como, á sinalización horizontal, delimitando dúas prazas para o mencionado colectivo o cal ten as súas dependencias na Casa da Cultura".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a orde transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a sinalización nas inmediacións da Casa da Cultura.

### 2.B) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaranse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**



## Concello de Cangas

### 2.A.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M<sup>a</sup>. D. P. R. D. R. (BAR "LOS TONELES"), para a ocupación de 24,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras en Rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, desde o 1 de maio ao 30 de setembro do ano que andamos, diante do local sito no referido lugar, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M<sup>a</sup>. G. M. U. (BAR "A MEIGA") para a ocupación de 8,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Avda. Ozámiz, nº 14-Cangas, e a instalación de 20,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras no Paseo de Rodeira (soamente na parte esquerda sinalada no deseño achegado) desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR E. E. G., en representación de "MATE, C.B." (CASA PORRÓN), para a ocupación de 20,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 15-Cangas, enfronte do local sito no referido lugar, desde o 1 de abril ao 31 de maio do ano que andamos.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. N. B. (BAR "UN PUNTO DE SAL"), para a ocupación de 28,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 2-Cangas, desde o 1 de abril ao 30 de setembro do ano que andamos, diante e enfronte do local sito no referido lugar, debendo respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M<sup>a</sup>. E. P. C., en representación da sociedade "BEMA, SL" (BAR "ALOCUBANO"), para a ocupación de 72,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras en Rúa República de Cuba, nº 3-Cangas, desde o 1 de abril ao 30 de setembro do ano que andamos, diante e enfronte do local sito no referido lugar.

### CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.



## **Concello de Cangas**

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexeirá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.



## Concello de Cangas

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

### 1.B) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS NA DE VÍA PÚBLICA

#### 1.C.1) SOLICITUDE DE A. N. G.

Vista a solicitude presentada o día 25.02.2016 por A. N. G., na que reclama autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras, diante do local que rexenta sito en Rúa Baiona, nº 4-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido o día 10.03.2016 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude da Sra. N. G., por tratarse o lugar pretendido para a instalación dunha vía destinada a estacionamento con perigo para os usuarios.

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 17 DE MARZO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:



## Concello de Cangas

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.



## Concello de Cangas

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

EXPEDIENTE Nº 22.295.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.523.- a Xunta de Goberno Local, acorda aceptar a renuncia a referida licenza, promovida por A. B. S.

EXPEDIENTE Nº 25.596.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.448.- A M<sup>a</sup>. M. I. C., con enderezo en Avda. Pontevedra 16- San Roque- Darbo, para no referido lugar, modificar a licenza da piscina de acordo o proxecto redactado pola arquitecta O. S. A., visado con data 1 de febreiro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.805.- A M. C. A., con enderezo na Avda. Camelias 107-4ºB-Vigo, para na Baixada a praia Menduíña-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 95,86 m<sup>2</sup> de soto, 112,29 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 48,89 m<sup>2</sup> de primeiro andar, de conformidade co proxecto básico do arquitecto O. G. M., de decembro de 2.015, condicións impostas pola Deputación de Vías e Obras de data 11 de febreiro de 2.016, e que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinale a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizaer ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

### 3.A.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.810.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR D. N. M. E P. C. R.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 10 de marzo de 2.016, acordou: a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMERIA OCUPACION, a D. N. M. e P. C. R., para vivenda en Santa Marta-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal 21.195.

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:



## Concello de Cangas

### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 24.764.- R. P. C. e A. C. P., construír unha edificación adxectiva, en Santa-Marta- Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.550.- E. P. R., conservar e manter o peche existente en Boubeta 29- Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.832.- M. R. P., peche en Piñeiro- Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.839.- A. G. B., reforma de baño e cociña, en Avda. De Bueu 17- Cangas.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.770/14.- L. R. C., arquivase tenda de roupa, na rúa Mendez Nuñez, 27-5º- Local 5- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.799/15.- I. G. B., arquivase comercio de venda de produtos de suplementación deportiva, na rúa Ferrol 8-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.871/15.- C. L. G. D., arquivase cafetería, en Aldea de Arriba 8-10- Coiro.

## **5º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 22/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 14.03.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 22/2011-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 22/2011-S*

*PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xullo de do 2015, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de 'GUNDEMARO PROMOCIONES, SL', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Vilariño-O Hío, obras consistentes en realizar movementos de terras de sup. aprox. de 600 m2., en espazo de protección de ribeiras e canles fluviais,*





## **Concello de Cangas**

*soterrando un conduto de desaugüe no centro da Lagoa, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que 'GUNDEMARO PROMOCIONES, SL', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no ar. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do tramite de audiencia silanado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a 'GUNDEMARO PROMOCIONES, SL', na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 6001 euros, por infracción ao ter cometido no lugar de Vilariño-O Hío, obras consistentes en realizar movementos de terras de sup. aprox. 600 m2., en espazo de protección de ribeiras e canles fluviais, soterrando un conduto de desaugüe no centro da Lagoa.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, de 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía, nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa*



## Concello de Cangas

*e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 22/2011-S.

### 5.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 14/2014-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 10.03.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 14/2014-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 14/2014-S*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2015, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de M. V. Vi. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de San Roque-Darbo, obras sen licenza consistentes en realizar a reforma dun cerramento e soleira arrimada a sendeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe do arquitecto municipal de data 29 de abril do 2015.*

*SEGUNDO.-Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 29.12.2015, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 24 de febreiro de 2016 presenta escrito de alegacións solicitando o arquivo do expediente, xa que procedeu á demolición voluntaria das obras.*

*Visto o informe da inspección municipal de data 2 de marzo, procede o arquivo do expediente de restauración da legalidade urbanística e a dedución da sanción nun 80%, toda vez que foi repostada a legalidade urbanística.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*



## Concello de Cangas

*CUARTO.- Que M. V. V., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6.000,1 euros. Indicar ao interesado que por realizar a demolición das obras realizadas antes da resolución do presente expediente reduciráselle a contía da sanción nun 80%.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a M. V. V., na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de mil douscentos euros con vinte céntimos (1.200,20 €), por infracción, ao ter cometido obras no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en realizar a reforma dun cerramento e soleira arrimada a sendeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 29 de abril de 2015.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, de 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 14/2014-S.

**5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2015-S**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 10.03.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 30/2015-S, que é como segue:



## Concello de Cangas

### "PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

#### EXPEDIENTE Nº 30/2015-S

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Mendiña-Aldán, consistentes en: realizar a reforma e reconstrución dun muro de contención en cachotería a menos de 4 metros do eixo do camiño.*

*Resultando que, con data 26 de febreiro de 2016, a inspección municipal de obras informa que: 'Ao presentarme no lugar, puiden comprobar que foi retirada a parte superior do muro en que consistía a ampliación, pola que se incoou este expediente de reposición'.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados B. B. D., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ao 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*



## **Concello de Cangas**

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.1c) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente”.*



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 30/2015-S.

### **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 17 de marzo de 2016, referente a inicio de expediente de contratación do servizo de redación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cangas, que é como segue:

#### *"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN*

*Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14 de decembro de 2015 acordou resolver por mutuo acordo o contrato de consultoría e asistencia para a redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, subscrito en data 28 de decembro de 2006 coa empresa 'Consultora Galega SL'.*

*Visto que como consecuencia da sinalada resolución, é necesario realizar unha nova contratación do servizo de redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas.*

*Visto que dadas as características do servizo e visto que se trata dun contrato de valor estimado igual ou superior a douscentos nove mil euros (209.000,00 €), IVE excluído, de acordo co disposto no artigo 16.1.b) do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro e normativa concordante considérase que é un contrato suxeito a regulación harmonizada, e estímase que o procedemento mais adecuado para a súa adxudicación é o procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*

*De conformidade co establecido na Disposición adicional segunda e no artigo 109 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro,*

#### *PROPOÑO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos de redación do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*



## Concello de Cangas

*SEGUNDO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*TERCEIRO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*CUARTO.- Que se emita informe por Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar; que se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a inicio de expediente de contratación do servizo de redación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cangas.

### **FACENDA**

#### **7º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a solicitude de devolución de garantía por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
A. I. D. R.	FIANZA	1.409,67 €	EXPEDIENTE Nº 21.913

##### **7.B) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinado o informe emitido pola Secretaría Municipal de data 21 de marzo de 2016, referente a solicitude de devolución de garantía realizada pola empresa “Villasenín, SA”, que literalmente di:





## Concello de Cangas

"Solicitado informe a esta secretaría sobre a posibilidade de proceder á devolución de garantía constituída por 'Villasenín, SA', no expediente de contratación do Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas, durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15.

### INFORMO:

Visto o informe emitido polo Director do Centro Municipal de Benestar Social de 25 de febreiro de 2015 que literalmente di:

*"Que a empresa Villasenin S.A., prestou servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros escolares CEIP Nazaret Cangas, CEIP Espiñeira Aldán e CEIP A Rúa, durante o curso escolar 2013-2014, desde o 11 de setembro de 2013 ata o 20 de xuño de 2014 e durante o curso escolar 2014/15 desde o 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015".*

Visto que o artigo 31 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, establece literalmente que: *'O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.'*

Visto que todavía non transcorreu un ano desde a data de recepción do traballo, dado que o contrato rematou o 19 de xuño de 2015, segundo a Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar en Galicia para o curso 2104/2015, non procede a data de hoxe a devolución do aval constituído por 'Villasenín, SA', por importe de seis mil oitocentos tres euros con doce céntimos (6.803,12 €) en concepto de garantía definitiva."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade co informe da secretaria municipal, acorda denegar a devolución do aval constituído por "Villasenín, SA", por importe de seis mil oitocentos tres euros con doce céntimos (6.803,12 €) en concepto de garantía definitiva, en tanto non finalice o prazo de garantía de un ano.





**Concello de Cangas**

## **8º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

8.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 76/2015

Dase conta de sentenza nº 44/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 76/2015, promovido por J. M. G.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 44/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 76/2015, promovido por J. M. G.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

8.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 233/2013

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

1.- PO Nº 233/2013.- RECURSO APELACIÓN Nº 4094/15.- SENTENZA Nº 742/2015 DITADA POLO TSX DE GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: C. V. T.

- Asunto: denegación declaración de incursión en situación de fóra de ordenación.

- Contido: inadmisión da apelación formulada pola representación legal de C. V. T. contra sentenza número 195/14, de 14 de outubro, dictada polo Xulgado Contencioso/Administrativo nº 3 de Pontevedra e pola que se desestimou o seu recurso contencioso administrativo contra Resolución de 10 de xuño do 2013, adoptada pola Xunta de Goberno Local, pola que se arquivou a súa solicitude de declaración de inmersión na situación de fóra de ordenación da vivenda.



**Concello de Cangas**

- Modo de impugnación.- Non cabe interpor recurso, sentenza firme.

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **9º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE**

#### **9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

Dase conta de proposta do día 17.03.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, que di o seguinte:

"V-15/052

*PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

#### *ANTECEDENTES*

*1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/12/2015 dispúxose iniciar expediente de baixa da autorización de venda ambulante da que é titular S. J. G., pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013), pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo con base nos informes dos conserxes do mercado de 11/11/2015 e 18/11/2015, segundo os cales nos últimos 16 meses só tería montado o seu posto un día. Igualmente no acordo citado, en aplicación do previsto no citado regulamento dispúxose outorgar trámite de audiencia ao interesado.*

*2º.- O acordo citado foi notificado ao interesado o 07/01/2016.*

*3º.- O 15/01/2016 o interesado, en uso do trámite de audiencia outorgado, presentou escrito de alegacións no que en síntese manifesta que a súa ausencia no mercado viría determinada pola problemática existente entre varios vendedores, feitos dos que segundo indica o Concello engadindo que Garda Civil e sarxento lle terían aconsellado non asistir á feira para evitar riscos para a súa vida, polo que solicita que se acepte a súa renovación e non se lle obrigue a asistir ao mercado.*



## Concello de Cangas

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

*I.- A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria no seu artigo 18 como un dos supostos de extinción anticipada da autorización e relaciona unha serie de supostos que se asimilan a esta.*

*En concreto e tal e como se sinala nos informes dos conserxes do mercado un deses supostos é o previsto no apartado c), a non ocupación do posto asignado durante un período de oito días de mercado seguidos ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses) sen causa que o xustifique.*

*II.- As alegacións formuladas polo interesado non serven para desvirtuar os feitos sinalados dado que os sucesos aos que fai referencia o interesado terían ocorrido en outubro de 2015, un mes antes da data da emisión do informe mencionado de data 18/11/2015, no que expresamente se sinala que o interesado S. J. G., titular do posto nº 55, nos últimos 16 meses só montou o posto un día.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Declarar en base a motivación exposta a baixa da autorización de venda ambulante do posto nº 55 da que era titular S. J. G. pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo.*

*SEGUNDO.- Notificar o acordo a S. G. J. con domicilio a efectos de notificacións en La Rotea La Romana, 28 CP 36791 Amorín-Porriño-Pontevedra, a Tesourería e a Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, advertindo que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que o dita no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.*

*O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.*



## Concello de Cangas

*No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, este entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non ditara e notificara resolución expresa.*

*Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que de conformidade co anterior se produza o acto presunto”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local.

### 9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Dase conta de proposta do día 17.03.2016 da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, que é como segue:

#### *"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/01/2016, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2016 de J. G. J., por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado o pasado día 05/02/2016.*

*Trala notificación do acto anterior na mesma data, 05/02/2016, o interesado presenta un escrito no que argumenta que a presentación fóra de prazo se debeu a que tina unha débeda con Facenda e consideraba que tiña que presentar toda a documentación xunta, polo que remata solicitando que se lle estime a súa solicitude de renovación.*

*Con data de rexistro de entrada 12/02/2016 o interesado presenta un novo escrito no que argumenta que o incumprimento dos requisitos para a renovación viña motivado por unha débeda coa Seguridade Social, da que tería tramitado o aboamento a través dunha cooperativa e remata o seu escrito pedindo que se reconsidere a revogación da licenza de venda ambulante.*

*A estes escritos do reclamante outórgaselle o carácter de recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 110.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro,*



## **Concello de Cangas**

*de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*O argumento ofrecido polo interesado non desvirtúa o acordo adoptado dado que o argumento ofrecido non serve para xustificar a presentación fóra de prazo da súa solicitude de renovación.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar integramente as alegacións formuladas por J. G. Ji. por escritos de data 05/02/2016 e 12/02/2016 con carácter de recurso de reposición polos motivos anteriormente expostos, confirmando integramente o disposto no acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/01/2016 pola que se declara revogada a licenza municipal de venda ambulante da que era titular.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PLAN DE EXPLOTACIÓN E OCUPACIÓN DE QUIOSCOS EN DOMINIO PÚBLICO PARA A TEMPADA DO VERÁN 2016**

#### **10.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016 (SITUACIÓN)**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 21.03.2016, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016, que di o seguinte:

*"ASUNTO: EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016*



## Concello de Cangas

### PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

*Con rexistro de entrada do 21 de xaneiro de 2016, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a tempada estival do ano 2016. Así mesmo, a Xefatura provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.*

*O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación que se achega coa presente proposta e en virtude deste, solicítase do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.*

### PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

*Na data 21 de xaneiro de 2016, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de tempada nas praias do Concello.*

*Unha vez examinada a mencionada circular, as peticións previas realizadas polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considerase preciso cubrir os servizos de tempada nas praias que a continuación se indican:*

#### **1. Praia de Rodeira:**

- (1) Un quiosco de 6 m<sup>2</sup> e superficie para 4 m<sup>2</sup> de terraza.*
- (1) Un quiosco de 6 m<sup>2</sup> e superficie para 24 m<sup>2</sup> de terraza.*

#### **2. Praia de Areamilla:**

- (1) Un quiosco de 10 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 16 m<sup>2</sup>.*
- (1) Un quiosco de 18 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 10 m<sup>2</sup>.*



**Concello de Cangas**

**3. Praia de Santa Marta:**

*(1) Un quiosco de 7 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 14 m<sup>2</sup>.*

**4. Praia de Nerga:**

*(1) Un quiosco de 20 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 50 m<sup>2</sup>.*

**5. Praia de Melide:**

*(1) Un quiosco de 20 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 30 m<sup>2</sup>.*

**6. Praia de Vilariño:**

*(1) Un quiosco de 13 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 15 m<sup>2</sup>.*

*(1) Un quiosco de 12 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 10 m<sup>2</sup>.*

*(1) Un quiosco de 8 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 10 m<sup>2</sup>.*

*(1) Un quiosco de 9 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 16 m<sup>2</sup>.*

**7. Praia de Menguíña:**

*(1) Un quiosco de 8 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 30 m<sup>2</sup>.*

**8. Praia de Liméns:**

*(1) Un quiosco de 20 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 40 m<sup>2</sup>.*

**8. Praia de Areabrava:**

*(1) Un quiosco de 8 m<sup>2</sup> e superficie para terraza de 10 m<sup>2</sup>.*

*A situación de cada un dos servizos solicitados para as praias indicadas é a que se sinala nos deseños achegados".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016.

**10.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016 (ADXUDICACIÓN)**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 21.03.2016, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016, que é como segue:

*"ASUNTO: AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS), INCLUÍDAS NO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2016*

*PROPOSTA PE ACORDO DA ALCALDÍA*





## **Concello de Cangas**

*Con rexistro de entrada do 21 de xaneiro de 2016, recibíuse oficio da xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a temporada estival do ano 2016. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.*

*O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada ñas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*UNICO.- Procédase á aprobación das autorizacións para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) que se achega coa presente proposta e en virtude desta, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relacionados.*

### **PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) 2016**

*Na data 21 de xaneiro de 2016 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada do Concello de Cangas.*

*Unha vez examinada a mencionada circular, as peticións previas realizadas polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se considera preciso cubrir os servizos de temporada, ligados a establecementos hostaleiros, nas localizacións que a continuación se indican:*

#### **a. Paseo de Rodeira**

*(1) Unha terraza de 50 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "El Bribón de la Habana", do 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017.  
M. L. F., DNI: 78736644-P, R/Costa do Latón, 292, Moaña. 36955*





## Concello de Cangas

*(1) Unha terraza de 45 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "El Macao", do 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017.*

*El Macao de Cangas, SL, B94040706, Praza das Pontes, 1, Baixo, Cangas.  
(A. M<sup>a</sup>. M. G., DNI: 35280834-F).*

*(1) Unha terraza de 50 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "Evoque", anteriormente "Trébula", do 1 de abril de 2016 ao 28 de febreiro de 2017.*

*J. M. P. C., DNI: 77107535-N, Paseo Marítimo Rodeira, 6, Cangas.  
Rúa Porqueiros, 30, Muiños, Ourense*

*(1) Unha terraza de 24 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "El Chalet", do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2016.*

*El Chalet de Cangas, SL, CIF: B36516144, Praia de Rodeira, 29, Cangas.  
(M. A. F. M., DNI: 53860774-H).*

### b. Praza das Pontes

*(1) Unha terraza de 40 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "La Florentina" do 1 de marzo de 2016 ao 31 de outubro de 2016.*

*CONFIFER SL, CIF: B36241602, C/ Pazos Fontenla, 77, Bueu.  
(G. F. P., DNI: 35292140-C).*

### c. Nerga

*(1) Unha terraza de 20 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "El Gran Sol", do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2016.*

*R. G. L., DNI: 76811322-Q, Rúa Barreiriño, 6 Menduiña, Aldán.*

### d. Aldán:

*(1) Unha terraza de 40 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "O Con de Aldán", do 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017.*

*A Casa de Aldán SL, B36464808, Avda. José Grana, 20, Aldán, Cangas.  
(J. M. B. C., DNI: 35955994-W).*

*(1) Unha terraza de 20 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "Bar Peralta", do 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017, menos o mes de outubro.*

*M<sup>a</sup>. C. S. B., DNI: 35279820-M, Avda. José Graña, 5, Aldán, Cangas.*

*(1) Unha terraza de 30 m<sup>2</sup> vinculada ao establecemento denominado "Bar Valladares", do 1 de marzo de 2016 ao 28 de febreiro de 2017, menos o mes de outubro.*

*M. A. P. V., DNI: 36008914-E, San Cibrán, 14, Aldán, Cangas.*



## Concello de Cangas

*A situación de cada un das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos deseños achegados”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas para o ano 2016.

### **PERSOAL**

#### **11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 8 AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL POR UN PERÍODO DE 4 MESES PRORROGABLES**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 17.03.2016, referente a aprobación de bases de selección para a contratación de 8 auxiliares de policía local por un período de 4 meses prorrogables, que é como segue:

*"PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE 8 PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE CATRO MESES PRORROGABLES*

*O aumento de poboación no Concello de Cangas, derivado da intensa afluencia de visitantes ao noso municipio nos meses de xuño a setembro pero existindo tamén un considerable aumento durante a celebración da Semana Santa por mor de ter sido declarada festa de interese turístico galego, así como os desprazamentos de fin de semana a partir de marzo ás praias e segundas residencias por parte de vecinos doutros concellos, especialmente de Vigo, motiva un aumento notorio das tarefas en materia de tráfico e seguridade que implican a necesidade de acometer a contratación de auxiliares de policía local como sinala o xefe da Policía Local no informe proposta polo que solicita que se tramite a contratación de auxiliares de policía.*

*A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local. Seguridade que se vería comprometida polo sensible aumento de poboación que se dá neste Concello durante os meses para os que se propon. Trátase dun suposto excepcional dado que Cangas conta cun cadro de persoal de efectivos na policía local moi inferior ao disposto no cadro de persoal.*



## **Concello de Cangas**

*Existe dotación orzamentaria e foi practicada a correspondente retención de crédito de data 22/02/2016 que consta no expediente.*

*En cumprimento do disposto no artigo 95.2 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, deuse conta á Consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia do inicio do expediente para a selección obxecto da presente proposta, que se achegou do borrador das bases que foron informadas o 02.03.2016 (registro de entrada no Concello de Cangas nº 3144 do 11.03.2016).*

*Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 02.07.2015, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de oito auxiliares de policía local con previsión de listado para a cobertura doutras contratacións que fosen precisas durante o presente ano 2016, bases que se transcriben a continuación da presente proposta de acordo.*

*SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.*

*TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.*

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

*O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de oito auxiliares da policía local, en réxime de contrato laboral temporal por acumulación de tarefas en base ás necesidades que se xustifican no presente expediente. A duración dos contratos será de catro meses (prorrogables ata seis meses de acordo co establecido na normativa de aplicación) dende a data da sinatura do contrato, cunha remuneración total bruta de 1.233,96 euros ao mes, coa parte proporcional das pagas extras incluída.*

*Do mesmo xeito cos aspirantes que tendo superado as probas polas puntuacións obtidas non resultasen contratados confeccionarase un listado para as sucesivas contratacións de auxiliares de policía local que se puideran realizar durante o presente exercicio.*



## **Concello de Cangas**

*2.- SISTEMA SELECTIVO.- O sistema selectivo escollido é o de oposición libre.*

*3.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.- Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:*

*a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.*

*b) Ter cumprido dezaoto anos.*

*c) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.*

*d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.*

*e) Estar en posesión da titulación esixible para os funcionarios do grupo C2".*

### A N E X O:

#### **PROPOSTA DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA PARA O CONCELLO DE CANGAS PARA 2016**

*f) Posuír unha estatura de mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.*

*g) Ter ingresado na Tesourería do Concello de Cangas a cantidade fixada como dereitos de exame.*

*Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.*



## Concello de Cangas

### 4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

*As presentes bases expoñeranse ao público no taboleiro da anuncios do concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro do Concello e nun diario dos de maior tirada de Galicia, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.*

*De presentarse reclamacións as bases -que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias, de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ó procedemento.*

*O taboleiro de anuncios da casa do concello, será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

*As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo concello durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario e taboleiro do Concello. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.*

*A solicitude, que se realizará, no modelo facilitado polo concello, deberá achegarse coa seguinte documentación:*

- Fotocopia compulsada do DNI non caducado.*
- Documento acreditativo da titulación requirida na convocatoria.*
- Xustificante de pago dos dereitos de exame, que ascende a cantidade de 8,52 €. Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.*
- Certificado médico nos termos sinalados.*



## **Concello de Cangas**

*Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, ditárase resolución pola Alcaldía, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello e sinalarase un prazo de tres días hábiles para a subsanación. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte ó do remate do prazo de emenda.*

*A resolución na que se aprobé o listado provisional de admitidos e excluídos incluírá ademais a data e lugar de realización do primeiro exercicio, sendo os sucesivos sinalados polo tribunal observando as disposicións ao respecto contidas na normativa de aplicación, en particular no decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007. Igualmente incluírá a composición do tribunal a efectos de posibilitar a recusación dos seus membros, o que se realizará no mesmo prazo de subsanación.*

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lie recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.*

### **5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*Os/as membros do tribunal serán designados/as pola Alcaldía de acordo con normativa de aplicación, en especial no disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os/as vocais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.*

*Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concurra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.*



## **Concello de Cangas**

*Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.*

*O tribunal cualificador deberá constituirse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.*

*A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.*

### **6.- OPOSICIÓN. PROBAS SELECTIVAS**

*Consistirá na realización dos seguintes exercicios de acordo co disposto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro e no anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na materia, as probas a realizar na fase de oposición (apartado A) e o temario sobre o que versarán (apartado B) son as que se describen a continuación:*

#### **A) PROBAS SELECTIVAS**

##### **A.I.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física**

###### **Comprobación da estatura**

*Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.*

###### **Probas físicas**

*As probas físicas cualifícanse de apto/ non apto. Para obter a cualificación de apto/non apto. Para acadar a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.*





## Concello de Cangas

### A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os taíóns do chan, e marcará eos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente eos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

- Hai que realizar o salto eos dous pés ao mesmo tempo.

- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

### A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:





## Concello de Cangas

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

### 2. Proba de coñecementos

*A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se incide no anexo.*

*Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de unha hora para a súa realización.*

*A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación tarase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (AF/3)/5$*

*Sendo N=Nota final da proba; A= Preguntas acertadas; F= Preguntas falladas ou non respondadas.*

### 3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local

*O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local consistente en responder a dez preguntas curtas ao respecto nun tempo máximo de quince minutos. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.*

### 4. Coñecemento da lingua galega

*O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como **apto/non apto**. Este exercicio consistirá na tradución castelán-galego e galegocastelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas.*

*Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega - nivel 3 (CELGA 3), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. **(Terá que ser presentado acompañando a solicitude de participación no proceso selectivo).***



## **Concello de Cangas**

### **B.TEMARIO**

*1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.*

*2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.*

*3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.*

*4. Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.*

*5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.*

*6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.*

*7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores, cómplices e encubridores.*

*8. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.*

*9. Lei de Seguridade Vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.*

*10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.*

*11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.*

*12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.*



## **Concello de Cangas**

### **7.- CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

*Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase un listado dos/as mesmos/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. O tribunal formulará unha proposta á Alcaldía na que se incluírán os aspirantes aprobados para os que se propon a súa contratación. Non se poderán propoñer para a súa contratación máis aspirantes que as prazas ofertadas.*

*Esta listado será exposta no Taboleiro Municipal. Os/As aspirantes propostos/as para ser contratados achegarán ante a administración dentro do prazo de dez días naturais dende que se publique no taboleiro municipal, os documentos acreditativos da capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria que non fosen acreditados con anterioridade.*

*Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación quedese desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. No caso de non obter a certificación citada procederase a ter por non superado o proceso selectivo quedando definitivamente excluído. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.*

### **8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO**

*A resolución ordenando a contratación será adoptada pola Alcaldía a favor dos/as aspirantes propostos/as polo tribunal unha vez que, de ser o caso teñan obtido a certificación da Academia referida na base anterior. De non achegarse a certificación de asistencia ao curso da Academia Galega de Seguridade os aspirantes quedarán excluídos e formularase proposta de contratación en favor do seguinte candidato por orde de puntuación o que sucederá tamén para o caso de que os aspirantes propostos non asinen o contrato.*

*No momento da súa contratación non poderá concorrer nos aspirantes circunstancia ningunha que impida esta por contravir a normativa en xeral e a laboral en particular, de ser así pasarase ao seguinte aspirante do listado confeccionado.*

*A data de inicio de contrato dos oito aspirantes seleccionados será decisión discrecional do Concello.*



## **Concello de Cangas**

*Os aspirantes contratados que pretendan renunciar deberán de formular un preaviso con un mínimo de 15 días de antelación, de non preavisar con esa antelación o Concello poderá descontar da liquidación os días non preavisados.*

### **9.- LISTADO DE CONTRATACIONES**

*Obterán as prazas ofertadas aqueles que obteñan unha mellor cualificación, segundo o que ditamine o tribunal cualificador. O resto dos aspirantes que tivese superado as probas pero que por puntuacións non fosen contratados integrará un listado ordenado segundo esas puntuacións, co que o Concello de Cangas poderá cubrir as novas contratacións de auxiliares que fosen precisas polo Concello de Cangas durante o exercicio de 2016. As contratacións que se efectúen en base ao listado confeccionado deberán facerse mediante a adopción, previa proposta da área fundamentando a necesidade de acudir a ela, dunha resolución de Alcaldía que contará eos informes preceptivos previos.*

*A duración das contratacións que se efectúen para cubrir as baixas de auxiliares contratados previamente se establecerá na resolución pola que se acorde a contratación e non excederá do tempo restante de contrato do auxiliar ao que substitúe (contrato inicial máis prórroga).*

### **10.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS**

*As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.*

*O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

### **11.- DISPOSICIÓN FINAL**

*As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, no Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polo disposto nas presentes bases.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.*



**Concello de Cangas**

ANEXO I

*INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA- ANO 2016*

*Apelidos, Nome:*

*Teléfono:*

*NIF/NIE:*

*Enderezo:*

*Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de auxiliares da policía local para o ano 2016 convocado polo Concello de Cangas.*

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Asumindo o compromiso de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade para o caso de non presentar Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor.*

*Cangas, a de de 2016*

*Asdo.:*

*DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE:*

- 1. A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.*
  - 2. Fotocopia compulsada do DNI.*
  - 3. Fotocopia da titulación esixida.*
  - 4. Certificado médico en cumprimento do apartado 3.C. das bases.*
  - 5. Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor no caso de posuílo.*
  - 6. Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
  - 7. Documento acreditativo exención exame galego (no seu caso).*
- Data superación do curso teórico/práctico (artículo 95.6, Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais) na Academia Galega de Seguridade Pública, caso de posuílo con anterioridade:..."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación de bases de selección para a contratación de 8 auxiliares de policía local por un período de 4 meses prorrogables.



Concello de Cangas

## URXENCIAS

### ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2016**

Dase conta de proposta do día 21.03.2016 da concelleira de Medio Ambiente, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural-2016, que é como segue:

"*PROPOSTA*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2016 (COFINANCIADOS COS FONDOS FEADER)*

*Publicada a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de data 19 de febreiro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, de subvención a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.*

*Reunindo as condicións que na resolución se especifican, vistas as necesidades municipais, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado: 'ACONDICIONAMENTO DO PASEO DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS', polo importe total, con IVE incluído, de cincuenta e sete mil douscentos sesenta e oito euros con corenta e oito céntimos (57.268,48 €), polo que proponho á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar ao abeiro da resolución da Axencia de Turismo de Galicia, de data 19 de febreiro de 2016, unha axuda de cincuenta mil euros (50.000,00 €) para a execución do proxecto de 'ACONDICIONAMENTO DO PASEO DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS', cun importe total de cincuenta e sete mil douscentos sesenta e oito euros con corenta e oito*



## **Concello de Cangas**

*céntimos (57.268,48 €), aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.*

*Segundo.- Certificar a data de remisión da Conta Xeral do Concello do ano 2014 ao Consello de Contas de Galicia.*

*Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a actuación que se solicita”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Medio Ambiente, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural-2016.

### **B) ESCRITO DE UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA S/ACORDO DE CESIÓN DE LOCAL E DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS NO EIDO DO CONSUMO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA**

Dase conta do acordo asinado o día 21 de marzo de 2016 entre UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA e o Concello de Cangas, referente a cesión de local e desenvolvemento de actuacións no eido do consumo, que é como segue:

*"UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA*

*ACORDO DE CESIÓN DE LOCAL E DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS NO EIDO DO CONSUMO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA*

*En Cangas, 21 de marzo de 2016*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Sr. Don Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispon o artigo 21 1 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.*

*E doutra, do M. L. C. que actúa en nome e representación da asociación, Unión de Consumidores de Galicia con CIF G-15160609 e domicilio en Santiago de*





## **Concello de Cangas**

*Compostela, Rúa Boiro, nº 3, na súa calidade de secretario xeral con poderes suficientes para a realización deste acto.*

*As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos do presente acordo aceptándose recíprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo e para tal efecto*

### **EXPOÑEN**

*Primeiro.- Que, con data 1 de febreiro de 2016, Unión de Consumidores de Galicia formalizou solicitude dirixida ao Alcalde do Concello de Cangas, para a cesión dun espazo en dependencias municipais, que facilitase a súa maior implantación territorial no desenvolvemento de actuacións de asesoramento, formación e información das persoas consumidoras.*

*Segundo.- Que por acordo da Xunta Local de Goberno celebrada o día 8 de febreiro de 2016 resolveuse a cesión á Unión de Consumidores de Galicia dun espazo físico no edificio do Concello de Cangas para realizar servizos de asesoramento, formación e información ás persoas consumidoras do Morrazo.*

*Terceiro.- O obxecto do presente acordo é o de determinar o réxime de obrigas e derelto que se derivan da cesión e uso do espazo que se porá a dispor de Unión de Consumidores de Galicia por parte do Concello de Cangas, e con esa finalidade establécense as seguintes*

### **ESTIPULACIÓNS**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*O presente acordo ten por obxecto a regulación das obrigas e dereitos que se derivan do acordo de cesión por parte do Concello de Cangas a Unión de Consumidores de Galicia dun espazo nas dependencias do Concello para o desenvolvemento das súas actividades, así como acceso a determinados servizos precisos para o seu correcto funcionamento.*

#### **SEGUNDO.- FINS**

*Unión de Consumidores de Galicia, destinará o espazo obxecto deste acordo de cesión ao desenvolvemento das actividades que lle son propias:*

*a) Defensa e promoción dos intereses e dereitos individuais e colectivos das persoas consumidoras.*





## **Concello de Cangas**

*b) A súa formación e información.*

*c) Asesoramento ao público en horario a concretar polas partes.*

*Ademáis, Unión de Consumidores de Galicia asume en virtude deste acordo:*

*d) Ofrecer asesoramento ao Concello de Cangas en materia de consumo e mecanismos de reclamación.*

*e) Prestar asistencia ao Concello de Cangas na confección, elaboración e modificación de tarifas de servizos públicos.*

*f) Impartición de dúas actividades formativas ao ano dirixidas a público xeral ou a colectivos específicos, segundo se estableza pola comisión de seguimento deste acordo.*

### **TERCEIRO.- CONDICIÓNS DA CESIÓN**

*1. A cesión do espazo e dos servizos previstos neste convenio será gratuita.*

*2. O Concello de Cangas resérvase o dereito de Inspeccionar en calquera momento o espazo en garantía da súa aplicación ao fin que motiva este acordo, e existir a Unión de Consumidores de Galicia, se procede, a realización das actuacións necesarias para a adecuación aos fins para os que foi concedido.*

*3. Unión de Consumidores de Galicia non poderá ceder o espazo, total ou parcialmente, nin destinalo a uso diferente do autorizado, sen a previa e expresa conformidade do Concello de Cangas. Así mesmo, comprométese a utilizar as instalacións e equipos obxecto do presente Acordo polo seu propio persoal, colaboradores ou participantes en programas de formación, prácticas ou voluntariado, non estando permitida a participación doutra entidade ou institución sen a previa autorización expresa do Concello de Cangas.*

*4. Unión de Consumidores de Galicia será responsable do cumprimento das obrigas laborais, sociais, fiscais ou de calquera outra índole relacionadas coas persoas que presten servizos no espazo cedido.*

*5. En virtude deste acordo de cesión, o Concello de Cangas porá a disposición de Unión de Consumidores de Galicia un espazo que permita unha axeitada e digna atención ás persoas consumidoras. O dito espazo contará con acceso ao servizo telefónico e de internet, así como ao servizo eléctrico.*



## **Concello de Cangas**

*6. Atendendo ás súas posibilidades, o Concello de Cangas porá a dispor de Unión de Consumidores de Galicia equipamento informático básico (ordenador, impresora, etc.) que facilite as tarefas de asesoramento e información.*

*7. Unión de Consumidores de Galicia comprométese a facer un uso axeitado das instalacións e equipos que o Concello de Cangas pon ao seu dispor e asume a responsabilidade polos danos causados nos mesmos de resultados de calquera conduta dolosa ou negligente que lle sexa imputable.*

### **CUARTA.- POSTA A DISPOSICIÓN DO ESPAZO**

*O Concello de Cangas porá a disposición do cesionario o espazo obxecto deste acordo no prazo máximo de dous meses desde a data de adopción do acordo de cesión pola Xunta de Goberno.*

### **QUINTA.- PRAZO DA CESIÓN**

*A cesión do espazo realízase por tempo indefinido.*

### **A. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*De conformidade co disposto no artigo 6.3 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para o control da execución deste Acordo, para a súa supervisión, para o establecemento de criterios de actuación non previstos no mesmo, e para a solución de controversias que a súa interpretación polda motivar, créase unha comisión de seguimento integrada por dous membros do Concello de Cangas e dous membros de Unión de Consumidores de Galicia, presidida polo Alcalde de Cangas ou quen corresponda en virtude de delegación de competencias.*

*Ditos responsables serán os encargados de vixilar a correcta realización das actividades previstas neste Acordo e de intentar solucionar de forma amigable as posibles controversias que puideran xurdir entre as partes.*

*Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderá asistir á comisión en calidade de convidados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considerase necesario ou aconsellable.*

*A comisión resolverá as dúbidas e resolverá as cuestións que se formulen durante o período de vixencia deste acordo. As súas decisións adoptaranse por consenso e obrigarán ás partes.*



## **Concello de Cangas**

*O funcionamento da comisión acomodárase ao disposto no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

### **SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO ACORDO**

*O acordo de cesión poderá resolverse:*

- a) Pola mutuo vontade das partes manifestada por escrito.*
- b) Polo incumprimento de calquera das estipulacións do presente acordo, logo do informe da comisión de seguimento.*
- c) Pola denuncia da calquera das partes. Neste caso, a parte denunciante deberá comunicalo fehacientemente á outra cunha antelación mínima de seis meses.*

### **OITAVA.- NATUREZA E XURISDICIÓN**

*O presente acordo ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

*As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo a través da comisión de seguimento.*

*Noutros casos será competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.*

*En proba de conformidade eos termos expostos, as partes asinan para este só efecto e por duplicado, no mesmo lugar e data ao principio indicados.*

*Polo Concello de Cangas*

*Pola Unión de Consumidores de Galicia*

*O alcalde  
Xosé Manuel Pazos Varela*

*O Secretario Xeral  
Don M. L. C."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:



## **Concello de Cangas**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do acordo asinado o día 21 de marzo de 2016 entre UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA e o Concello de Cangas, referente a cesión de local e desenvolvemento de actuacións no eido do consumo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo achegado do convenio referido aos departamentos municipais de Servizos Sociais e Consumo.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente